

Informe sobre prezos de madeira. Abril 2024

Mercado Piñeiro primer trimestre 2024-abril 2024. Os prezos de madeira de piñeiro seguiron a tónica da segunda metade do ano 2023 con baixadas respecto ao ano 2022, más apreciable na rolla con destino a serra. Como é habitual, en xeral, non se dan prezos para rolla selecta, dado que non é habitual atopala. Os destinos de puntal e trituración, no sur, manteñen e mesmo melloran algo os prezos respecto ao trimestre anterior, probablemente pola importante demanda das grandes fábricas do norte de Portugal.

Prezos medios piñeiro €/t-m ³ cc, sen certificar, sen impostos, cortas a feito			
Clasificación	En pé	En cargadoiro	En fábrica
Rolla selecta ($\varnothing > 40\text{cm}$)	53-59		85-90
Rolla serra normal ($\varnothing > 20\text{cm}$)	40-48		68-77
Puntal (12-20cm)	26-29		57-58
Puntal-taboleiro (6-15cm)	22-26		52-54

Nota 1: en caso de cortas de mellora (rareos), os prezos de puntal hai que rebaixalos uns 4 euros aproximadamente.

Nota 2: para calcular os prezos en cargadoiro pode realizarse unha estimación aumentando ao prezo en pé uns **14-17** euros

Mercado eucalipto primer trimestre 2024-abril 2024.. Tamén os prezos de eucalipto para pasta de celulosa baixaron lixeiramente respecto ao primeiro trimestre de 2023. Convén seguir lembrando que inflúe moito nos prezos en pé, a dimensión dos troncos e a dificultade de corta e saca dos troncos. Tamén o tamaño de explotación é un factor moi relevante á hora de obter un bo prezo. Os prezo mais altos esixen lotes a partir de 400-600 t. É conveniente diferenciar os prezos de eucalipto no sur de Galicia e no norte, pois no sur os prezos adoitan ser algo máis baixos.

Prezos medios <i>Eucalyptus globulus</i> €/t certificada, sen impostos, cortas a feito			
Clasificación	En pé	En cargadoiro	En fábrica
Rolla chapa ($\varnothing > 60$)			
Rolla serra ($\varnothing > 35$)			
Pasta celulosa (con cortiza)	31-33		52-54
Pasta celulosa (sen cortiza)	37-40		
Taboleiro (con cortiza)			

Prezos medios <i>Eucalyptus nitens</i> €/t certificada, sen impostos, cortas a feito			
Clasificación	En pé	En cargadoiro	En fábrica
Rolla chapa ($\varnothing > 60$)			
Rolla serra ($\varnothing > 35$)			
Pasta celulosa (con cortiza)	26-28		48-50
Pasta celulosa (sen cortiza)	34-36		

O diferencial de prezo de *E. nitens* con respecto a *E. globulus* mantense nuns 5-6 euros. Este diferencial é aplicable nas comarcas costeiras do norte (As Mariñas), pero no interior (meseta

de Lugo,...), con maior presencia de *E. nitens* e con menores custos de aproveitamento, este diferencial pode ser nulo, pagándose praticamente igual que *E. globulus*.

Ponteareas, 20/04/2024